

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE POLA QUE SE MODIFICA UNHA DAS SEDES ELECTORAIS DESIGNADAS NO REGULAMENTO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON

ANTECEDENTES

1. O 18.05.2026 esta Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) aprobou o regulamento e o correspondente calendario electoral anexo da Federación Galega de Triatlón, tras a aprobación da asemblea xeral desta o 16.04.2026.

2. O 25.08.2026 a comisión xestora da dita federación presentou no rexistro desta SXD un escrito solicitando a modificación da súa sede electoral na circunscrición da provincia de Pontevedra, nos seguintes termos:

"1.- Que a Federación aprobou a localización da mesa electoral da circunscrición de Pontevedra (Provincia de Pontevedra e Ourense), para a xornada de votación a membros da Asemblea Xeral do próximo 5 de setembro, nas instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.

2.- Que debido a que o Centro está en horario de verán ata o 9 de setembro non abre os sábados e non é posible cubrir o persoal de seguridade polo que tivemos que trasladar a antedita mesa a outra localización.

3.- Que a nova localización da mesa será no Centro deportivo Pontillón do Castro-Gavián, s/n- 36151 Verducido- Pontevedra (...)"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71, do 13.04.2026), na súa versión consolidada, atribúe á Administración autonómica a facultade aprobar os regulamentos electorais das federacións deportivas.



Segundo. O artigo 56.4.e) da citada Lei sinala como unha función pública delegada, exercida en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno.

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

1. Aprobar a modificación do artigo 9, alínea I. c) do regulamento electoral para a Federación Galega de Triatlón. En concreto, onde dicía "*b) PONTEVEDRA (Centro Galego de Tecnificación Deportiva- Padre Fernando Olmedo 1-Pontevedra)- Circunscrición de Pontevedra e Ourense*", debe dicir "***b) PONTEVEDRA, Centro deportivo Pontillón do Castro-Gavián, s/n- 36151 Verducido- Pontevedra.***"
2. Ordenar a publicación desta resolución xunto co regulamento electoral na páxina web da Federación Galega de Triatlón.
3. Ordenar que a dita federación lle dea a esta resolución a maior difusión posible entre as persoas electoras para garantir que poidan exercer o seu dereito de voto con todas as garantías.

Esta resolución esgota á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a súa notificación consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro que estimen pertinente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Roberto García Fernández

O secretario xeral para o Deporte

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar
15781 Santiago de Compostela

